

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural
Ulla Tambre Mandeo
Avda Lugo,41 , O Pedrouzo-Arca
15821 O Pino
A Coruña

Asunto: Remisión da copia da resolución pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Achégase copia da resolución citada no encabezamento, referida á aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondente á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR “Asociación de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo”, seleccionada polo Acordo do Conselle de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



Presidente do "GDR ULLA-TAMBRE-MANDEO"

Avda. de Lugo Nº41

15821-O Pedrouzo-O PINO

(A Coruña)

RESOLUCIÓN pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procede á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 07 de xuño de 2016. Posteriormente, e por indicación de Agader, o Apartado 3 do baremo correspondente aos proxectos produtivos referido á "Incidencia sobre a creación de emprego no territorio" será valorado cando o promotor cree un mínimo de 0,25 UTAs de emprego. Por debaixo desa creación este apartado non será puntuado.

A versión consolidada das normas de xestión xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



ANEXO I

I. NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA TAMBRE MANDEO

1. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS DO PROGRAMA LEADER 2014-2020.

Con carácter xeral, os proxectos que soliciten as axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito xeográfico de actuación do GDR Ulla Tambre Mandeo.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local definida.
- Axustarse a normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas: que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- Que os proxectos para os cales se solicita a axuda non estean iniciados.

a. REGRAS XERAIS DE CÁLCULO DE PORCENTAXE

Cada proxecto será analizado e valorarase de acordo cos criterios establecidos no baremo que figura a continuación. En función da puntuación que obteña, corresponderalle unha porcentaxe de axuda. Esta porcentaxe de axuda variará en función da natureza do proxecto, e das limitacións establecidas na normativa e demais instrucións que lle sexan aplicables no desenvolvemento do proxecto.

O importe da axuda non poderá superar en ningún caso os importes máximos establecidos por Agader, Resolución de 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo de 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia (DOGA do 2 de marzo de 2016) e no Réxime de Axudas correspondente, cando saia publicado no DOGA.

O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000,00 €. Por outra parte, os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de mínimos, limitaranse a un máximo de 200.000,00 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais. A porcentaxe de axuda máxima para os proxectos produtivos ascenderá ao 50 %.

Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de 200.000,00 € por proxecto. Os que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108



do Tratado ás axudas de mínimos poderán alcanzar os 250.000,00 € no caso de que a Agader o autorice expresamente.

Para que un proxecto poida ser seleccionado terá que acadar unha puntuación mínima de 21 puntos.

A porcentaxe máxima de axuda para cada tipo de proxecto, será outorgado a aqueles proxectos que obteñan unha puntuación superior a 70 puntos.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á cal se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais, e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15% para os proxectos produtivos e no 30% para os proxectos de natureza non produtiva, axustada esa porcentaxe a dous decimais redondeado pola regra matemática do cinco.

- **PROXECTOS PRODUTIVOS**

PUNTUACIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA
Puntuación < 21 puntos	Excluído
21 puntos	15%
21 < Puntuación ≤ 70 puntos	Incrementos proporcionais de acordo á puntuación ata un máximo do 50%
Puntuación > 70 puntos	50%

- **PROXECTOS NON PRODUTIVOS**

PUNTUACIÓN	PROXECTOS DE PRIORIDADE ALTA	PROXECTOS DE PRIORIDADE MEDIA	PROXECTOS DE PRIORIDADE BAIXA
Puntuación < 21 puntos	Excluído	Excluído	Excluído
21 puntos	50,00%	40,00%	30,00%
21 < Puntuación ≤ 70 puntos	Incrementos proporcionais ata un máximo do 90%	Incrementos proporcionais ata un máximo do 70%	Incrementos proporcionais ata un máximo do 50%
Puntuación > 70 puntos	90,00%	70,00%	50,00%



b. PROCEDIMIENTO DE PRIORIZACIÓN E SELECCIÓN DE PROXECTOS VERIFICADOS

Para os efectos de que a Xunta Directiva do GDR remita a Agader a relación dos proxectos para os que se propoña a concesión de axuda con cargo a cada anualidade, o GDR establece o seguinte procedemento, non discriminatorio e transparente, de priorización de expedientes que contén coa verificación favorable do ICE. A relación de expedientes propostos pola Xunta Directiva farase ata esgotar o crédito anual e incluírá a distribución de axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos.

Os expedientes produtivos ordenaranse de maior a menor prioridade para a proposta de concesión de axuda segundo a puntuación acadada no baremo correspondente ó ICE verificado de cada un dos proxectos. En caso de empate, seguirase o criterio da puntuación total acadada no apartado referido á incidencia no emprego (apartado 2, cun máximo de 25 puntos), priorizando a axuda do proxecto con maior puntuación. Se aínda houberse empate entre dous proxectos, usarase a data de solicitude de axuda, coa priorización do que se solicitara antes, segundo o número de entrada no rexistro.

A relación dos expedientes non produtivos que se propoña pola Xunta Directiva para a concesión de axuda incluírá, en primeiro lugar, os considerados de prioridade alta, despois os de prioridade media e a continuación os de prioridade baixa, e dentro de cada categoría, ordenaranse segundo a puntuación do baremo correspondente ó ICE verificado en cada un dos proxectos. En caso de empate, a priorización farase atendendo ó de maior puntuación na incidencia ambiental (punto 3.4, máximo 15 puntos). Se aínda houberse empate, atenderase á data de solicitude de axuda, priorizando o que a presentase antes segundo o número de entrada no rexistro.

Os proxectos con ICE verificado que non puideran ser obxecto de concesión de axuda por falta de fondos dispoñibles na anualidade en curso, pasarán á selección no ano seguinte competindo cos novos proxectos que se presenten, agás no ano 2018, que servirá de balance e revisión, corrixindo da estratexia as posibles desviacións que leven a ineficiencias. Deixarase constancia na solicitude de axuda da aceptación expresa dos promotores relativa a esta circunstancia.

Polo tanto, os proxectos co ICE verificado presentados no 2017, que non puideran ser obxecto de resolución de concesión de axuda por falta de fondos dispoñibles na anualidade, pasarán ó proceso de selección e priorización de proxectos no 2018. Os proxectos presentados e verificados no 2019 que non puideran ser obxecto de resolución de concesión de axuda por falta de fondos dispoñibles na anualidade, pasarán ó 2020. Pero os proxectos presentados e verificados no 2018 que non puideran ser obxecto de resolución de concesión de axuda por falta de fondos dispoñibles na anualidade, e queiran concorrer á selección no 2019 deberán facer unha nova solicitude de axuda, o que implica non ter iniciado o proxecto nese momento.

II.- CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN E SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS

Todos os proxectos que cumpran os requisitos xerais da convocatoria e o requisito específico do GDR Ulla Tambre Mandeo (ver parágrafo seguinte) serán valorados en función da análise dos seguintes aspectos, segundo a natureza do proxecto.



Aquelas persoas e entidades promotoras beneficiarias dunha axuda do Programa Leader 2014-2020, que presenten novas solicitudes, deberán comprometerse como mínimo a unha creación de emprego de 1 UTA na segunda e posteriores solicitudes para poder ter a consideración de proxectos subvencionables.

TERMOS CLAVES UTILIZADOS NO BAREMO:

- **PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN:** Persoas que leven máis de doce meses nunha situación de desemprego no momento da solicitude.
- **MOCIDADE:** Persoas con idade igual ou inferior ós 40 anos.
- **MAIORÍA:** En todos os ítems do baremo se entende unha maioría simple, máis do 50%.
- **PARTICIPACIÓN MAIORITARIA OU PARTE SUBSTANCIAL:** en máis dun 50%, a non ser que se especifique outra cousa no criterio.
- **COLECTIVOS DESFAVORECIDOS:** mulleres, mocidade, parados de longa duración e persoas cun grado de discapacidade superior ó 33%.

A) PROXECTOS PRODUTIVOS

1) **SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO:** 35 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

Criterio	Puntuación máxima
1.1. Nivel de desenvolvemento económico do concello (Rendemento medio declarado do IRPF 2012)	10
1.2. Variables demográficas do concello	15
1.2.a.Densidade de poboación	5
1.2.b.Variación da poboación	5
1.2.c.Envellecemento da poboación	5
1.3. Taxa de desemprego (2014)	10
TOTAL PUNTOS	35

Nivel de desenvolvemento económico do concello (Rendemento medio declarado do IRPF 2012):

Rendemento medio declarado do IRPF 2012	PUNTUACIÓN	Concellos
IRPF ≥ 10500	4	O Pino, Melide, Arzúa
9500 ≤ IMRF ≤ 10500	6	Touro
8500 ≤ IMRF ≤ 9500	8	Vilasantar, Boimorto, Santiso
IRPF ≤ 8500	10	Sobrado, Toques
Puntuación máxima: 10		

Fonte: www.ige.eu



Densidade de poboación. Ano 2014:

DENSIDADE	PUNTUACIÓN	Concellos
Densidade \geq 40	2	Melide, Arzúa
$30 \leq$ Densidade \leq 39	3	O Pino, Touro
$20 \leq$ Densidade \leq 29	4	Santiso, Boimorto, Vilasantar
Densidade \leq 19	5	Sobrado, Toques
Puntuación máxima: 5		
<i>Nota: As cifras redondéanse á baixa</i>		

Fonte: www.ige.eu

Variación da poboación no último decenio. Período 2005-2014:

VARIACIÓN DA POBOACIÓN	PUNTUACIÓN	Concellos
Redución da poboación $<$ 5%	2	Melide, O Pino
$5\% \leq$ Redución da poboación $<$ 10%	3	Arzúa
$10\% \leq$ Redución poboación $<$ 15%	4	Boimorto, Vilasantar, Touro
Redución da poboación \geq 15 %	5	Sobrado, Toques, Santiso
Puntuación máxima: 5		
<i>Nota: As cifras redondéanse á baixa</i>		

Fonte: www.ige.eu

Envellecemento da poboación. Ano 2014:

ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN	PUNTUACIÓN	Concellos
Envellecemento da poboación $<$ 200	2	Melide
$200 \leq$ Envellecemento $<$ 300	3	O Pino, Arzúa, Touro
$300 \leq$ Envellecemento $<$ 400	4	Toques, Boimorto
Envellecemento \geq 400	5	Sobrado, Vilasantar, Santiso
Puntuación máxima: 5		
<i>Nota: As cifras redondéanse á baixa</i>		

Fonte: www.ige.eu

Taxa de desemprego. Ano 2014:

Taxa de desemprego municipal para o ano 2014	PUNTUACIÓN	Concellos
Taxa de desemprego $>$ 25%	10	Touro, O Pino
$25\% \geq$ Taxa de desemprego $>$ 20%	8	Toques, Melide,
$20\% \geq$ Taxa de desemprego $>$ 15%	6	Santiso, Arzúa, Sobrado, Boimorto
$15\% \geq$ Taxa de desemprego	5	Vilasantar
Puntuación máxima: 10		

Fonte: www.datosmacro.com

2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR OU PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: máximo 10 puntos

- 2.1. Tipoloxía do promotor ou promotora.
2.1.a. Persoas físicas. Máximo: 10 puntos.



Criterio	Puntuación máxima
Proxectos promovidos por persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos da poboación	5
Proxectos promovidos por mulleres desempregadas con fillos/as menores de idade ou cargas familiares	5
Que a/s persoa/s promotora/s teñan unha formación regrada para desenvolver a actividade que están a poñer en marcha	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	10

2.1.b. Persoas xurídicas. Máximo: 10 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que a maioría dos socios pertencen a colectivos desfavorecidos da poboación	5
Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que a maioría dos socios sexan mulleres desempregadas con fillos ata 18 anos ou cargas familiares	5
CMVMC, cooperativas ou empresas de traballo social	7
Concellos, entidades públicas locais ou empresas públicas locais	10
Proxectos nos que a persoa representante da entidade sexa unha muller	6
Que, polo menos, unha das persoas socias da entidade promotora conte cunha formación regrada específica para desenvolver a actividade que están a poñer en marcha	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	10

3. INCIDENCIA NO EMPREGO. Máximo 25 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
3.1. Número de UTAs creadas	4
3.2. Contratación de colectivos desfavorecidos (agás persoas desempregadas)	6
3.3. Contratación de persoas desempregadas (inscritas como demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación)	10
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20

3.4. Contratación de persoas cualificadas (contrato de traballo de persoa con estudos superiores)	5
3.5. Contratos de traballo cun salario medio superior á media galega 2014	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	5



Este apartado soamente poderá valorarse se se cumpre un mínimo de 0,25 UTAs de creación.

3.1. Número de postos de traballo creados. Máximo: 5 puntos

Súmanse 2 puntos por cada UTA creada, ata un máximo de 4 puntos. Enténdese o incremento dunha UTA, con respecto á media anual anterior ó momento da solicitude.

3.2. Contratación de colectivos desfavorecidos, agás persoas desempregadas. Máximo: 6 puntos

Neste apartado valorarase con dous puntos adicionais a contratación de cada UTA contratada que pertenza a colectivos desfavorecidos para os postos de traballo creados en virtude do criterio 3.1. Os empregos creados a tempo parcial ou fixos discontinuos computarán proporcionalmente.

3.3. Contratación de persoas desempregadas inscritas no Servizo Galego de Colocación, cunha antigüidade mínima de seis meses. Súmanse 2,5 puntos por cada UTA creada de persoas desempregadas, ata un máximo de 10 puntos.

3.4. Contratación de persoas cualificadas. Máximo: 5 puntos

Neste apartado valorarase con 2,5 puntos adicionais cada contrato de traballo do grupo 1 ou 2 (persoas con estudos superiores) dos postos de traballo creados en virtude do apartado 3.1. Os empregos creados a tempo parcial ou fixos discontinuos computarán proporcionalmente.

3.5. Creación de postos de traballo con salarios superiores á media galega para o ano 2014. Máximo: 5 puntos

Neste apartado valorarase con 2,5 puntos adicionais cada contrato de traballo, dentro dos postos de traballo creados, cun salario superior á media galega no 2014 dos postos de traballo creados en virtude do apartado 3.1. Os empregos creados a tempo parcial ou fixos discontinuos computarán proporcionalmente

Os ítems 3.4 e 3.5 son excluíntes entre si.

4. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO. Máximo 30 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
4.1. Proxectos que persigan os obxectivos do Leader Ulla Tambre Mandeo e capacidade de arrastre	20
4.1.a. Proxectos que teñan por obxecto fundamental unha das áreas determinadas como prioritarias na estratexia (ver despois desta táboa)	16
4.1.b. Proxectos que teñan por obxecto fundamental unha das áreas determinadas como importantes na estratexia (ver despois desta táboa)	12
4.1.c. Proxectos que contribúan a consecución dunha das áreas determinadas como prioritarias na estratexia	5
4.1.d. Proxectos que contribúan a consecución dunha das áreas determinadas como importantes na estratexia	3



4.1.f Que supoñan a aparición dun novo servizo ou actividade no concello.	5
4.1.g Que a actividade obxecto do proxecto implique desenvolver accións de I+D+i	5
4.1.h Actuacións produtivas que melloren as posibilidades de compra dos turistas de produtos do territorio: compra on-line, organización dun modo de envío a domicilio ou calquera outro que dea a coñecer os nosos produtos e facilite a compra e transporte dos mesmos	5
4.1.i Proxectos que recuperen unha infraestrutura ou espazo abandonado ou sen uso ou ben que eliminen o feísmo na intervención	5
4.2.Incidencia ambiental no desenvolvemento do proxecto ou na actividade	10
4.2.a.Incorporación de sistemas de xestión ambiental á empresa: ISO 14001, EMAS, Ecolabel, FSC, etc. certificadas no momento do pagamento final	5
4.2.b.Introdución de medidas de eficiencia enerxética cun aforro respecto á situación de partida superior ó 40%, acreditado cun informe técnico	4
4.2.c.Uso de enerxías renovables por riba do mínimo legal	4
4.2.d.Medidas de prevención de xeración de residuos, reutilización ou reciclaxe de materiais e/ou augas acreditado mediante informe técnico (mínimo dun 15%)	5
TOTAL PUNTOS	30

Proxectos que teñan por obxecto (4.1.a) ou contribúan (4.1.c) unha das seguintes áreas determinadas como prioritarias na estratexia. **Considérase que teñen por obxecto fundamental** as áreas prioritarias ou importantes, cando a actividade do proxecto vai destinado, especificamente, a elas. Por exemplo, unha queixería D.O.P. Arzúa-Ulloa ten por obxecto fundamental a transformación e comercialización deste queixo. **Considérase que o proxecto contribúe a consecución destes obxectivos**, cando a súa actividade non é especificamente destas áreas, pero as aborda dalgunha maneira. Por exemplo, un albergue no Camiño Norte pode ter unha pequena tenda na que ofrezca unicamente produtos do territorio e queixo Arzúa-Ulloa, o que contribúe a comercialización e mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio, sendo a actividade principal a de albergue.

Áreas prioritarias:

- Transformación, comercialización e mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio con marca propia, o queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou os produtos ecolóxicos.
- Mellora da calidade de vida das persoas maiores e/ou da poboación infantil ou contribución á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Redución substancial (superior ó 40%) de consumo de enerxía, emisión de contaminantes á atmosfera ou á auga, utilización de materiais ou produción de residuos para a fabricación dun ben ou prestación dun servizo para empresas en funcionamento. Investimento en empresas de consultaría especializadas no sector



ambiental ou ecodeseño. Ou ben empresas que substitúan a venda dun ben pola prestación dun servizo, co obxectivo da desmaterialización.

- Empresas de I+D+i ou empresas que supoñan a explotación dunha patente ou a posta en práctica dun coñecemento adquirido a través dun proxecto de investigación na universidade.
- Creación de produtos turísticos estruturados en torno ós elementos considerados prioritarios na estratexia, que melloren a vivencia do visitante no noso territorio: Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, Mosteiro e Lagoa de Sobrado, Campamento Romano da Ciadella, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, Camiños de Santiago, Igrexa e Batán de Santa María de Mezonzo en Vilasantar, embalse e ferri en Portodemouros.
- Valorización de especies forestais autóctonas¹

Proxectos que teñan por obxecto (4.1.b) ou contribúan (4.1.d) a unha das seguintes áreas determinadas como importantes na estratexia:

- Transformación, comercialización e mellora da imaxe de produtos artesanais e souvenirs fabricados no territorio.
- A reciclaxe ou reutilización de residuos que lles dean novos usos a estes materiais.
- Valorización do patrimonio, promoción turística e creación de produtos turísticos de elementos non recollidos no punto anterior.

III.- CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN E SELECCIÓN DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Todos os proxectos que cumpran os requisitos xerais da convocatoria, serán valorados en función da análise dos seguintes aspectos, segundo a natureza do proxecto.

- Entidades públicas locais do territorio do Ulla Tambre Mandeo: reservarse o 60% do orzamento total para proxectos non produtivos de cada anualidade.

¹ En concreto, incentivarase o aproveitamento económico das especies recollidas no anexo I do decreto 50/2014, de 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal. Tamén se incentivará o aproveitamento de froiteiras, arbustos con froito, produtos micolóxicos, e outras plantas con tradición en Galicia: toxo, uces, xestas, vimbios... plantas ornamentais como a camelia, hortensia, ou as plantas aromáticas e medicinais. En todo caso, exclúense as coníferas non recollidas no anexo I do decreto 50/2014, o bambú, as madeiras tropicais as recollidas no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, e na lexislación que deste decreto se derive. Poderase incentivar calquera actividade que incremente as posibilidades da rendibilidade e supervivencia das especies anteriormente mencionadas, por exemplo:

- Actividades de valorización do espazo: deportivas, educativas, sociais.
- Actividades de aproveitamento das especies para todo tipo de usos e produtos:
 - alimentación e bebida: froitos, cogomelos, licores, té, aceite, mel e calquera derivado dos produtos forestais.
 - hixiene, saúde e estética: xabón, aceites, extractos, medicina homeopática, cremas, unturas etc.
 - usos ornamentais de plantas, parte da planta, musgos ou liques
 - reprodución e venda de especies ou sementes.
 - fabrís como mobles, monturas e mangos, pipas de fumar, formas e artesanía en xeral.
 - combustible fósil, leña ou biomasa
 - Calquera que utilice subprodutos e refugallos



- Outras entidades sen ánimo de lucro: reservárase o 40% do orzamento total para proxectos non produtivos de cada anualidade.

Se a día 31 de marzo do ano vixente, non existen solicitudes polo importe total do orzamento anual de proxectos promovidos por unha das dúas tipoloxías: entidades públicas locais do territorio ou doutras entidades, os fondos serán transferidos entre ambas automaticamente.

Se, aínda así, non existisen solicitudes de axuda polo importe total do orzamento anual para proxectos non produtivos, os fondos serán transferidos automaticamente para o financiamento de proxectos produtivos no ano en curso; reducíndose o importe do orzamento para proxectos produtivos na mesma contía no ano seguinte.

Non é financiable a recuperación, modernización, ampliación ou creación de centros sociais que non estean recollidos na estratexia, isto é:

- Centro social en Pezobrés, Santiso.
- Punto de encontro de San Vicente, en Vilasantar
- Centro Social de Barreiro, en Melide
- Centro Social de Arcediago, en Santiso
- Centro social de Arceo, en Boimorto

Prioridades dos proxectos non produtivos

Proxectos de prioridade alta, financiábles ata un 90% do investimento. Aqueles recollidos para o Leader Galicia 14-20, incluíndo a poboación infantil como prioritaria dentro dos servizos de igualdade e benestar á poboación, e ademais, a creación de produtos turísticos:

- Que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade, xénero e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado da poboación infantil e/ou das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).
- Creación de produtos turísticos estruturados, que melloren e amplíen as vivencias dos turistas, e que teñan como eixe fundamental un dos recursos patrimoniais recollidos como prioritarios na estratexia². Poderanse financiar rutas de sendeirismo sempre e cando sexan homologadas.

Proxectos de prioridade media, financiábles ata un 70% do investimento:

- Aqueles proxectos relacionados coa valorización dos produtos agroalimentarios do territorio, o Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou os produtos ecolóxicos.
- Aqueles que supoñan a promoción de expresións artísticas actuais. Exclúese a arquitectura, por motivos orzamentarios.
- Creación de produtos turísticos estruturados, que melloren e amplíen as vivencias dos turistas, e que teñan como eixe fundamental outros recursos turísticos do territorio (distinto dos recollidos como prioritarios na estratexia). Poderanse financiar rutas de

² Camiños de Santiago, Lagoa e Mosteiro de Sobrado, Campamento romano da Ciadella, Igrexa e batán de Mezonzo en Vilasantar, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, encoro e ferri de Portodemouros, San Antolín de Toques, Fervenza das Brañas en Toques.



- sendeirismo sempre e cando sexan homologadas.
- Promoción turística do territorio.
- Proxectos que teñan por finalidade a redución da contaminación e o paso a unha economía baixa en carbono ou que teñan por finalidade a realización dun proxecto piloto demostrativo de tecnoloxía orientada cara a unha economía verde baixa en carbono.

Proxectos de prioridade baixa, financiados ata un 50% do investimento:

- Calquera outro non recollido anteriormente.

TERMOS CLAVES UTILIZADOS NO BAREMO:

- PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN: Persoas que leven máis de doce meses nunha situación de desemprego no momento da solicitude.
- MOCIDADE: Persoas con idade igual ou inferior a 40 anos.
- MAIORÍA: En todos os ítems do baremo se entende unha maioría simple, máis do 50%.
- PARTICIPACIÓN MAIORITARIA OU PARTE SUBSTANCIAL: en máis dun 50%, a non ser que se especifique outra cousa no criterio.
- COLECTIVOS DESFAVORECIDOS: mulleres, parados de longa duración, mocidade, persoas cun grado de discapacidade superior a un 33%.

B.- BAREMO DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS

1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: 35 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos (coincidentes cos datos do baremo para produtivos):

Criterio	Puntuación máxima
1.1.Nivel de desenvolvemento económico do concello (rendemento medido declarado no IRPF do ano 2012)	10
1.2.Variables demográficas do concello	15
1.2.a.Densidade de poboación	5
1.2.b.Variación da poboación	5
1.2.c.Avellentamento da poboación	5
1.3.Taxa de desemprego no municipio no ano 2014	10
TOTAL PUNTOS	35

2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR OU PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: 20 PUNTOS.

Proxectos promovidos en solitario por Entidades Públicas Locais ou proxectos promovidos conxuntamente por varias Entidades Públicas Locais e/ou con outras entidades. Entenderase cumprida a promoción conxunta cando se asine un convenio de colaboración entre as entidades para a execución de ditos proxectos; ou un ente público con personalidade xurídica propia e carácter supramunicipal.



Criterio	Puntuación
<u>Proxectos de ámbito municipal</u>	
2.1.a. Promovidos por un concello do territorio de actuación do GDR UTM	12
2.1.b. Promovidos por un concello do territorio de actuación do GDR UTM máis outro tipo de entidade privada como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	14
<u>Proxectos de ámbito supramunicipal (cando os investimentos efectivos do proxecto se realicen en máis dun municipio)</u>	
2.1.c. Promovidos por dous ou máis concellos do territorio de actuación do GDR UTM ou un concello do territorio de actuación do GDR UTM e outro tipo de entidade privada como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	18
2.1.d. Promovidos por dous ou máis concellos do territorio de actuación do GDR UTM e outro tipo de entidade como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	20
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20

Tódolos ítems anteriores son excluíntes entre si.

Proxectos promovidos por entidades privadas, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, cooperativas e comunidades de monte veciñal en man común.
Puntuación máxima: 20 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
2.2.a. Proxectos promovidos por entidades formadas, maioritariamente, por mulleres.	5
2.2.b. Proxectos que engloben máis dun concello do territorio de actuación do GDR UTM	5
2.2.c. Proxectos promovidos por máis dunha entidade do territorio de actuación do UTM	5
2.2.d. Proxectos nos que a persoa representante da entidade sexa unha muller	5
2.2.e. Proxectos promovidos por entidades que teñan como obxecto social o coidado das persoas maiores, o envellecemento activo ou a mellora nas condicións da poboación infantil.	5
2.2.f. Proxectos promovidos por entidades con domicilio social no territorio de actuación do UTM	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20

Os criterios 2.1 e 2.2 son excluíntes entre si ó estar diferenciados segundo se traten de entidades públicas ou non.

3. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO: 45 PUNTOS

Valoraranse os seguintes aspectos:



Criterio	Puntuación
3.1.Segundo o obxecto fundamental do proxecto:	2015
3.1.a Proxectos que teñan por obxecto fundamental unha das liñas prioritarias do Leader Ulla Tambre Mandeo ou un dos seus obxectivos transversais recollidos a continuación	1512
3.1.b Proxectos que teñan por obxecto fundamental unha das liñas importantes do Leader Ulla Tambre Mandeo recollidos a continuación	107
3.1.c Proxectos que teñan por obxecto crear ou mellorar servizos para a poboación maior que vive no fogar familiar	5
3.1.d Proxectos que teñan por obxecto facilitar a socialización da poboación infantil e xuvenil (ata 18 anos). Por exemplo ludotecas, garderías, espazos infantís de xogo, piscinas adaptadas ó público infantil, parques de atraccións, etc.	5
3.1.e Proxectos que xeren emprego (como mínimo 0.50 UTA)	10
3.1.f Proxectos que supoñan a aparición dun novo servizo para a poboación local a nivel municipal. Acreditarase a nova actividade mediante un certificado do Imposto de Actividades Económicas.	5
3.1.g Proxectos que recuperen unha infraestructura ou espazo abandonado ou sen uso ou ben que eliminen o feísmo na intervención.	5
3.2.Segundo a contribución do proxecto a acadar os obxectivos do Leader UTM	10
3.2.a Proxectos que contribúan a acadar os obxectivos dunha das liñas prioritarias do Leader Ulla Tambre Mandeo*	7
3.2.b Proxectos que contribúan a acadar os obxectivos dunha das liñas importantes do Leader Ulla Tambre Mandeo*	3
3.2.d Que contribúan a xerar redes, asociacións ou grupos informais dentro do territorio que melloren a socialización e traballo en grupo	5
3.2.e Proxectos que inclúan I+D+i	5
3.3 Incidencia sobre a calidade de vida de determinados colectivos	5
3.3.a. Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida das persoas maiores.	5
3.3.b. Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida das persoas que pertencen a colectivos desfavorecidos.	5
3.3.c. Proxectos que melloren o acceso ás novas tecnoloxías	5
3.3.d. Proxectos que incidan especificamente sobre a consecución da igualdade de dereitos e oportunidades e/ou a conciliación laboral e familiar	5
3.4.Incidencia ambiental	15
3.4.a Proxectos que supoñan unha intervención no medio natural para conservar ou mellorar a biodiversidade ou recuperen espazos naturais degradados ou que supoñan a valorización de especies forestais autóctonas. Deben ser intervencións no medio natural, e non a mera promoción ou publicidade do mesmo.	12
3.4.b Proxectos que teñan como obxectivo a mellora ou fomento da	



eficiencia enerxética ou o uso ou fomento de uso de enerxías renovables que xeren aforros superiores ó 30% con respecto á situación de partida.	12
3.4.c Uso ou fomento de uso de novas tecnoloxías e coñecementos para o paso a unha economía baixa en carbono, mediante experiencias piloto en granxas, industria ou servizos, ou análise, estudo ou asesoramento en novas técnicas de produción, xestión, produtos, etc. que leven como obxectivo fundamental a unha economía ambiental con aforros superiores ó 30% con respecto á situación de partida	12
3.4.d Proxectos que teñan como obxectivo establecer medidas de prevención de xeración de residuos, reutilización ou reciclaxe de materiais e/ou augas ou o seu fomento. Tamén proxectos de demostración e implementación neste sentido.	12
3.4.e Uso de enerxías renovables (superando o mínimo legal)	5
3.4.f Proxectos que contribúan directamente á prevención de incendios forestais.	5
TOTAL PUNTOS MÁXIMOS	45

Os ítems 3.1.a e 3.2.a son excluíntes entre si.

Os ítems 3.1.b e 3.2.b son excluíntes entre si.

Proxectos que teñan por obxecto (3.1.a) ou contribúan (3.2.a) unha das seguintes áreas determinadas como prioritarias na estratexia. **Considérase que teñen por obxecto fundamental** as áreas prioritarias ou importantes, cando a actividade do proxecto vai destinado, especificamente, a elas. Por exemplo, unha queixería D.O.P. Arzúa-Ulloa ten por obxecto fundamental a transformación e comercialización deste queixo. **Considérase que o proxecto contribúe a consecución destes obxectivos**, cando a súa actividade non é especificamente destas áreas, pero as aborda dalgunha maneira. Por exemplo, un albergue no Camiño Norte pode ter unha pequena tenda na que ofrezca unicamente produtos do territorio e queixo Arzúa-Ulloa, o que contribúe a comercialización e mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio, sendo a actividade principal a de albergue.

Áreas prioritarias:

- Mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio con marca propia, o queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou os produtos ecolóxicos ou dotar de valor engadido o leite local.
- Crear sinerxías e unións entre varios sectores distintos ou relacións formais entre axentes de diferentes ámbitos.
- Fomento do emprego
- Mellora da calidade de vida das persoas maiores e/ou da poboación infantil ou contribución á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Proxectos que supoñan unha redución substancial (superiores ó 40%) de consumo de enerxía, emisión de contaminantes á atmosfera ou á auga, utilización de materiais ou produción de residuos ou que fomenten e difundan o uso de técnicas e tecnoloxías que permitan estes aforros.



- Creación de produtos turísticos estruturados en torno ós elementos considerados prioritarios na estratexia, que melloren a vivencia do visitante no noso territorio: Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, Mosteiro e Lagoa de Sobrado, Campamento Romano da Ciadella, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, Camiños de Santiago, Igrexa e Batán de Santa María de Mezonzo en Vilasantar, embalse e ferri en Portodemouros.
- Difundir novos usos dos produtos e subprodutos agrarios e gandeiros locais ou de especies forestais autóctonas³

Proxectos que teñan por obxecto (3.1.b) ou contribúan (3.2.b) unha das seguintes áreas determinadas como importantes na estratexia:

- Mellora da imaxe de produtos artesanais e souvenirs fabricados no territorio.
- A reciclaxe ou reutilización de residuos que lles dean novos usos a estes materiais e o fomento deste coñecemento.
- Valorización do patrimonio, promoción turística e creación de produtos turísticos de elementos non recollidos no punto anterior.

³ En concreto, incentivarase o aproveitamento económico das especies recollidas no anexo I do *decreto 50/2014, de 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal*. Tamén se incentivará o aproveitamento de froiteiras, arbustos con froito, produtos micolóxicos, e outras plantas con tradición en Galicia: toxo, uces, xestas, vimbios... plantas ornamentais como a camelia, hortensia, ou as plantas aromáticas e medicinais. En todo caso, exclúense as coníferas non recollidas no anexo I do decreto 50/2014, o bambú, as madeiras tropicais as recollidas no *Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras*, e na lexislación que deste decreto se derive. Poderase incentivar calquera actividade que incremente as posibilidades da rendibilidade e supervivencia das especies anteriormente mencionadas, por exemplo:

- Actividades de valorización do espazo: deportivas, educativas, sociais.
- Actividades de aproveitamento das especies para todo tipo de usos e produtos:
 - alimentación e bebida: froitos, cogomelos, licores, té, aceite, mel e calquera derivado dos produtos forestais.
 - hixiene, saúde e estética: xabón, aceites, extractos, medicina homeopática, cremas, unturas etc.
 - usos ornamentais de plantas, parte da planta, musgos ou liques
 - reprodución e venda de especies ou sementes.
 - fabrís como mobles, monturas e mangos, pipas de fumar, formas e artesanía en xeral.
 - combustible fósil, leña ou biomasa
 - Calquera que utilice subprodutos e refugallos



REGRAS ESPECÍFICAS RELATIVAS Á SUBVENCIONALIDADE DO COMERCIO POLO MIÚDO, AS ACTIVIDADES ASIMILADAS Ó SECTOR SERVIZOS E OS CENTROS SOCIAIS

Despois de especificar os obxectivos da estratexia de desenvolvemento rural así como de recoller as achegas do proceso participativo sobre as medidas de actuación que levar a cabo para a súa cristalización, sintetízanse neste apartado específico aquelas que teñen que ver coa subvencionalidade do comercio polo miúdo, das actividades asimiladas e o dos centros sociais.

CENTROS SOCIAIS

Só serán financiáveis os proxectos que teñan por obxecto a recuperación, modernización, ampliación ou creación de centros sociais que se recollen a continuación:

- Centro social en Pezobrés, Santiso.
- Punto de encontro de San Vicente, en Vilasantar
- Centro Social de Barreiro, en Melide
- Centro Social de Arcediago, en Santiso
- Centro social de Arceo, en Boimorto

COMERCIO POLO MIÚDO

Será subvencionable o comercio polo miúdo ó que se refiren as limitacións sectoriais nas bases, nos seguintes supostos:

- Nos proxectos de creación de empresa, será subvencionable calquera comercio polo miúdo sempre e cando non exista ningún no concello. Será o Concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade.
- Cando só exista un negocio no concello, é dicir, un comercio polo miúdo dunha determinada tipoloxía (epígrafe IAE), por exemplo, zapatería, peixería, etc., será subvencionable a mellora, modernización ou ampliación dese negocio, sempre e cando parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, a medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables e/ou a visibilizar e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou produtos ecolóxicos. Polo menos un 15% do investimento total subvencionable en debe ir destinado ós conceptos anteriores.
Será o concello o encargado de certificar a existencia dun único negocio (epígrafe IAE). Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade.



Ademais destes supostos, serán tamén financiábles estes proxectos nos seguintes casos, xa sexa cando se trate da creación dun negocio ou da mellora dun xa existente, a través de ampliación ou modernización:

- a. Será subvencionable a venda polo miúdo de arte, artesanía, recordos e souvenirs orientada ó turista, peregrino ou non, cando os produtos sexan fabricados no territorio. No caso de que o establecemento estea situado nos distintos trazados do Camiño de Santiago no territorio (a un máximo de ata 200 metros), o establecemento deberá ofrecer ó peregrino un sistema de envío a domicilio.
- b. En atención á falta actual de establecementos de comercio polo miúdo, a menos de 200 metros no trazado do Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés serán subvencionábles os investimentos destinados á creación, mellora, ampliación e modernización do comercio polo miúdo que a continuación se relacionan:
 - Os relacionados coa bicicleta: venda de bicicletas e de accesorios e pezas das mesmas.
 - Os que se dediquen á información e venda, en exclusiva, de artigos divulgativos do territorio do Ulla Tambre Mandeo ou de Galicia: libros (gastronomía, patrimonio, fotografía, arte...), música, postais, etc.
 - Os de venda de comida preparada (agás panaderías, pastelerías e charcuterías) así como máquinas de vending.
- c. Será subvencionable o comercio polo miúdo que se dediquen á venda en exclusiva de produtos agroalimentarios do territorio (producido ou con valor engadido local: transformado, ou etiquetado), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa e ecolóxicos. (Recomendación da UE: promocionar os circuitos curtos de comercialización. “incredibly edible” ou Prove Portugal). Exclúense supermercados e ultramarinos.

ACTIVIDADES DO SECTOR SERVIZOS OU ASIMILADAS

Serán subvencionábles as empresas de servizos ás que se refiren as limitacións sectoriais nas bases, nos seguintes supostos:

- d. Será subvencionable a creación de calquera empresa de servizos sempre e cando non exista ningunha da súa mesma tipoloxía no concello. Será o Concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio segundo o IAE ó que pertenza. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade.
- e. Cando só exista un negocio no concello que preste un determinado servizo, por exemplo, perruquería, tinturaría etc., será subvencionable a mellora, modernización ou ampliación dese negocio, sempre e cando parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, a medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables



e/ou a visibilizar e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou produtos ecolóxicos. Polo menos un 15% do investimento total subvencionable debe ir destinado ós conceptos anteriores. Será o concello o encargado de certificar a existencia dun único negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade. Agader poderá requirir un informe técnico que acredite que os investimentos sinalados se inclúen nunha desas categorías.

Ademais destes supostos, serán tamén financiáveis estes proxectos nos seguintes casos:

- f. En atención á falta actual de servizos, ata un máximo de 200 metros do trazado do Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés, serán subvencionables os investimentos destinados á creación, mellora, ampliación e modernización das actividades que a continuación se relacionan. Exclúense bares e cafeterías. Os proxectos englobaranse nos epígrafes do IAE:
- Os relacionados coa bicicleta; no que atinxe ós negocios de prestación de servizos, os referidos á reparación, aluguer, aparcamento e lavado.
 - Os relacionados co coidado dos cabalos en ruta: gardado, alimentación e limpeza.
 - Coidado corporal e recuperación: masaxes, fisioterapia, acuaterapia, homeopatía, terapias, substancias e remedios naturais.
 - Restauración e aloxamento. En todo caso, será subvencionable sempre e cando non se estableza o contrario no convenio entre Turismo e Agader.
 - Servizo de limpeza e lavado de roupa.

